



XUNTA
DE GALICIA



galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE PORTOS DE GALICIA, A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE BAIONA PARA A EXECUCIÓN E MANTEMENTO DE ACTUACIÓNS ENCAMIÑADAS AO FOMENTO DA MOBILIDADE SOSTIBLE NA ESTRADA PO-552 E AO INCREMENTO DA SEGURIDADE VIARIA NA ZONA DO PASEO MARÍTIMO DE BAIONA (P.K. 16+400 A 16+650), POLA CONSTRUCCIÓN DUN ITINERARIO PEONIL E CICLISTA.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, José Juan Durán Hermida, presidente de Portos de Galicia, con domicilio aos efectos deste convenio na Praza de Europa, nº 5A -6º Planta 15707 Santiago de Compostela (A Coruña), actuando no seu nome e representación en virtude das facultades conferidas polos artigos 6.3g) da Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia e 9h) do Decreto 227/1995 polo que se aproba o seu regulamento

Doutra parte, Ethel M^a Vázquez Mourelle, presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, con enderezo aos efectos deste convenio nos Edifícios Administrativos - San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña) facultada para a formalización deste convenio polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, Ángel Manuel Rodal Almuiña, na súa condición de alcalde do Concello de Baiona, con domicilio aos efectos deste convenio en Lorenzo de Carrera nº 17 - 19, 36300 Baiona (Pontevedra), actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

As tres partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal, suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro. A entidade pública Portos de Galicia, dependente da Consellería do Mar, Xunta de Galicia, segundo o artigo 2 da súa lei de creación 5/1994, do 29 de novembro, ten por obxecto o proxecto, construción, conservación, mellora, ordenación, administración e explotación das obras, instalacións, servizos e actividades portuarias, así como a planificación das zonas de servizo e as súas futuras ampliacións.



No artigo 3.2 da devandita lei 5/1994, dispónse que entre as súas funcións Portos de Galicia, asumirá o fomento da investigación e desenvolvemento tecnolóxico en materias relacionadas coa explotación portuaria e a construción portuaria.

Segundo. A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, a ordenación do territorio e a súa cohesión, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias unha rede eficaz, cómoda e segura, fomentando as relacións municipais e intermunicipais na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

A estrada PO-552 pertencente á rede primaria da Xunta de Galicia. O treito desta estrada que discorre polo núcleo de Baiona carece dun itinerario específico peonil e ciclista, dispoñendo a estrada PO-552 dunha calzada de 6,5 metros composta de 2 carrís.

Terceiro. O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020 ten como obxectivo estratéxico 2 a consecución de vías de tránsito e mobilidade máis seguras.

Cuarto. A Axencia Galega de Infraestruturas, dentro da súa planificación en materia de estradas, está a executar a obra "Itinerario peonil e ciclista na PO-552. Treito: paseo marítimo pq 16+400 - 16+650", de clave PO/16/057.06.2

A senda proxectada está destinada a dar servizo á mobilidade cotiá e afecta a un total de 250m da citada estrada PO-552 con inicio no PQ: 16+400 e remate no PQ:16+650.

Esta actuación finánciase nun 80% con fondos FEDER dentro do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020.

Obxectivo Temático	04-Favorecer a transición a unha economía baixa en carbono en tódolos sectores
Prioridade de Inversión	04.05- Fomento de estratexias de redución do carbono para todo tipo de territorio, especialmente as zonas urbanas, incluído o fomento da mobilidade urbana multimodal sostible e as medidas de adaptación con efecto de mitigación
Obxectivo Específico	04.05.01-Fomento da mobilidade urbana sostible: transporte urbano limpo, transporte colectivo, conexión urbana-rural, melloras da rede viaria, transporte ciclista peonil, mobilidade eléctrica e desenvolvemento de sistemas de subministración de enerxías limpas

Quinto. O Concello de Baiona, en base a Lei /1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, para dar cumprimento destas funcións de mellora, conservación e mantemento do concello, está interesado en



executar a obra "Itineraro peonil e ciclista na PO -552. Treito paseo marítimo no concello de Baiona.

Sexto. A Axencia Galega de Infraestruturas, en colaboración co Concello da Baiona e co ente público Portos de Galicia trata de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que aporte unha maior calidade de vida á cidadanía.

Sétimo. Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 47 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas, o Concello de Baiona e Portos de Galicia no que atinxe ás actuacións no dominio público portuario de Baiona para a execución das obras "Itinerario peonil e ciclista na PO-552.Treito paseo marítimo (P.K. 16+400 a 16+650)" .

As obras foron adxudicadas pola Axencia Galega de Infraestruturas por un importe de **CENTO CORENTA E DOUS MIL TRESCENTOS OITENTA E SETE EUROS CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS DE EURO (142. 387,86 €)**, ive incluído.

Este contrato finánciase nun 80% con fondos FEDER dentro do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, polo que o seu desenvolvemento dará cumprimento as obrigas recollidas no Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, en particular no relativo na adopción das medidas necesarias para facer chegar ao público información sobre as operacións financiadas polo programa operativo FEDER de acordo co estipulado no artigo 2.2 do Anexo XII do citado Regulamento e a aparecer na lista pública prevista no artigo 115.2 da mesma norma.

XUNTA DE GALICIA

Portos
de Galicia

PRESIDENTE
CONSELLERÍA



SEGUNDA. COMPROMISOS DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AXI)

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, está a executar a actuación "Itinerario peonil e ciclista na PO-552. Treito: paseo marítimo pq 16+400 - 16+650", de clave PO/16/057.06.2, contrato que xa foi licitado con cargo aos seus orzamentos.

Na execución das obras deberá adoitar as máximas medidas de seguridade para evitar calquera tipo de polución ou contaminación tanto na zona portuaria coma nas proximidades, quedando expresamente prohibido o vertido de residuos ao mar, debendo cumprir en cada momento coa normativa vixente nestas materias.

Así mesmo deberanse establecer os procedementos construtivos axeitados e medidas de seguridade co fin de evitar calquera dano as persoas, edificacións e instalacións existentes e manter en bo estado o dominio público portuario.

Comunicar a Portos de Galicia e ao Concello de Baiona a recepción das obras para a súa conservación e explotación por parte da entidade local. Realizado este trámite a Axencia Galega de Infraestruturas queda desvinculada do presente convenio ao non ter ningún compromiso durante a fase de explotación.

TERCEIRA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE BAIONA

1.- Asumir, durante a fase de explotación, o custo de conservación, mantemento, limpeza e, no seu caso, mellora das obras obxecto deste convenio, e a licitación, contratación e execución das obras necesarias para tal efecto.

A fase de explotación comezará dende o día seguinte a recepción das obras, e a obriga de conservación e mantemento será efectiva dende a comunicación da recepción das obras a entidade local por parte da Axencia Galega de Infraestruturas.

Calquera modificación das actuacións durante a explotación das instalacións requirirá a previa autorización de Portos de Galicia.

Ademais manterá as obras realizadas en axeitadas condicións de limpeza e hixiene (incluíndo a reposición de elementos engadidos, danados, extraviados ou roubados

2.- Na fase de explotación, entregar sen contra prestación, libre de cargas e gravames as obras de referencia executadas en dominio público portuario a Portos de Galicia, quedando estas, por efecto directo deste convenio, incorporadas de pleno dereito ao dito dominio público, formando

parte da zona de servizo do porto de Baiona, adscrita para a súa xestión a Portos de Galicia.

3.- Nas dúas fases de construción e de explotación, o Concello aportará tamén libres de cargas, de ser o caso, os terreos da súa competencia que resulten necesarios para a execución das obras, e expedirá, todos os permisos e autorizacións que fosen necesarios para a execución das obras.

CUARTA. COMPROMISOS DE PORTOS DE GALICIA

1.- Autorizar a execución das obras, podendo supervisar en calquera momento a súa execución, e de detectar desviacións ou deficiencias requirirá a Axencia Galega de Infraestruturas para que as corrixa.

2.- Autorizará a Axencia Galega de Infraestruturas e ao Concello de Baiona para a intervención nos terreos que ocupan as obras para facer fronte ao cumprimento das obrigas derivadas deste convenio.

As anteriores autorizacións, nin os pactos e as obrigas estipuladas neste convenio, supoñen alteración da titularidade ou cualificación xurídica dos bens e dereitos portuarios afectados.

QUINTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase unha comisión de seguimento formada por dous representantes da Axencia Galega de Infraestruturas, dos representantes de Portos de Galicia e dous representantes do Concello de Baiona. As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

-Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.

-Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do presente convenio.

-Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puidieran xurdir na aplicación do convenio.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. En todo caso a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas na cláusula terceira.

Unha vez recibidas as obras, co que dará comezo a fase de explotación destas, e comunicado o dito acto ao Concello de Baiona que será o responsable da súa conservación e mantemento, a comisión de seguimento estará formada unicamente por dous representantes de Portos de Galicia e dous representantes do Concello de Baiona.



SEXTA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa e regularase polo establecido no presente convenio e, supletoriamente, polos principios do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, consonte o establecido no artigo 4.2 da antedita lei e a Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

O desenvolvemento dos compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rexeranse polo establecido nas súas cláusulas.

SÉTIMA. MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

As modificacións formalizaranse mediante *addenda* cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio, agás aquelas modificacións de carácter técnico aprobadas polo órgano de contratación, de acordo coa normativa de contratos administrativos, que non impliquen a superación do importe máximo reflectido na cláusula primeira do convenio.

OITAVA. RESOLUCIÓN

1.- As dúbidas que se presenten na súa interpretación, en caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da comisión de seguimento, pola presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, poñendo fin á vía administrativa.

2.- Serán causas de extinción deste convenio:

- O non cumprimento do seu obxecto.
- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables ás partes.
- O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas nel.
- Denuncia por causas de interese público, a instancia de calquera das partes.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

Cada unha das situacións descritas por si soa é causa suficiente de resolución do convenio.

No caso de extinción anticipada do convenio, por algunha das causas da cláusula anterior con carácter previo á súa liquidación as parte poderán acordar, a proposta da comisión de seguimento a continuación, á



finalización das actuacións que se atopen en execución, fixando un prazo improrrogable para terminalas.

De calquera xeito, e de ser o caso, o Concello de Baiona, repoñerá o dominio público portuario nas condicións de operatividade en que lle foi entregado, en canto ó seu estado, uso e protección.

NOVENA. RELACIÓN CONTRACTUAL

Este Convenio non supón asociación algunha ou dependencia entre o persoal das partes asinantes, que actuarán de xeito absolutamente independente e autónomo, sendo obriga específica e exclusiva de cada unha delas cumprir con cantas obrigas legais lle correspondan no desenvolvemento da súa actividade ao abeiro deste convenio. Deste xeito, a subscripción do presente convenio non comportará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa, indirecta ou subsidiariamente polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

DÉCIMA. RESPONSABILIDADE FRONTE A TERCEIROS

Habida conta dos riscos que se podan derivar na utilización durante a fase de explotación das instalacións para o fin a que están destinadas, será responsabilidade do Concello de Baiona responder dos danos que se deriven a terceiros polo cumprimento defectuoso das obrigas que asumen por medio de este convenio, engadindo os danos que se deriven do acceso e permanencia de terceiros nas instalacións.

DÉCIMO PRIMEIRA. PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto). A Axencia Galega de Infraestruturas publicaranos no Diario Oficial de Galicia e na páxina web oficial.

DÉCIMO SEGUNDA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio terá efecto a partir da data da súa sinatura. A súa vixencia estenderase por un período de catro anos, que será obxecto de prórroga automática por períodos de catro anos, salvo denuncia do mesmo por parte de algunha das administracións afectadas, a través da comisión de seguimento citada na cláusula quinta, antes da súa finalización.

En todo caso, considerando un prazo necesario para que o Concello obtería utilidade das inversións de acondicionamento da zona, unha vez




transcorridos dous anos, Portos de Galicia poderá desistir e abocar para si as instalacións en calquera momento cun aviso previo de tres meses. Así mesmo o concello poderá desistir transcorridos os dous primeiros anos, cun aviso previo de tres meses de antelación.


Para os efectos económicos, a eficacia do presente convenio estenderase ata o 31 de decembro de 2017; non obstante, seguirá producindo efectos en tanto en canto non se liquiden as obrigas que puideran quedar pendentes.

En todo caso, os compromisos da Axencia Galega de Infraestruturas se extinguen coa recepción das obras e a comunicación do dito acto ao Concello de Baiona, polo que durante a fase de explotación as únicas partes intervinientes no presente Convenio serán Portos de Galicia e o Concello de Baiona.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose todas as partes ao acordado en todas as estipulacións.

Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por quintuplicado exemplar.

**O PRESIDENTE DE
PORTOS DE GALICIA**



José Juan Durán
Hermida

**A PRESIDENTA DA
AXENCIA GALEGA DE
INFRAESTRUTURAS**



Ethel Mª Vázquez
Mourelle

**O ALCALDE-
PRESIDENTE DO
CONCELLO DE BAIONA**



Ángel Manuel Rodal
Almuiña